




PRESENTACIÓN DA NOVELA *A rede branca* de PACO MORGAN

Teatro AS TORRES de SANTA CRUZ
xoves, 10 de outubro, ás 19 horas

Intervirán:
O autor: **Paco Morgan**
O xornalista: **Ricardo Sandoval**



***A rede branca* foi finalista do XL Premio Xerais de Novela.**

É unha trepidante novela negra, ambientada na cidade portuaria de Úrvida, formada por unha estrutura coral con catorce personaxes protagonistas que van entrelazando as súas historias para debuxar un regueiro de cocaína que circula desde restaurantes de luxo até patios de prisión. Un narco-trafficante intenta converterse nun honorábel empresario mediante un pelotazo urbanístico, mais o arresto casual do esbirro que agocha o seu último alixo ameaza con botalo todo a perder. Avogados, hostaleiros, policía, políticos, presidiarios, camareiros, asesores e xornalistas participan da trama criminal ou serven de nexo e escusa para trazar este vibrante fresco urbano.

Paco Morgan é o pseudónimo de Francisco Morgade. Licenciado en Xeografía, Arte e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi funcionario do Estado ata a súa xubilación e na actualidade traballa como profesor voluntario na Cruz Vermella.

Desde as bibliotecas municipais invítase a todas as persoas que desexen asistir, ata completar o aforo.